

VI. ANUNCIOS**A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA****CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA**

ANUNCIO do 28 de agosto de 2020, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, polo que se fai público o informe de impacto ambiental do proxecto de reordenación do saneamento na marxe do río Mendo entre a Ponte das Cascas e a Ponte do Carregal, no concello de Betanzos (clave 2018/0254).

De conformidade co artigo 47 da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental (BOE núm. 296, do 11 de decembro), faise público o informe de impacto ambiental do 28 de agosto de 2020 do proxecto de reordenación do saneamento na marxe do río Mendo entre a ponte das Cascas e a ponte do Carregal, no concello de Betanzos (A Coruña), promovido polo Concello de Betanzos.

Este informe poderase consultar na seguinte ligazón:

<https://cmatv.xunta.gal/resoluciones-da-avaliacion-ambiental-de-proxectos> e nas dependencias da Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, sitas en Santiago de Compostela (San Lázaro s/n, planta baixa).

Santiago de Compostela, 28 de agosto de 2020

María Cruz Ferreira Costa
Directora xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático

CVE-DOG: wrdivaz8-y728-dwf2-xwi9-6bi8dp7hggn7

